Onstopus

http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº118/ Ano: 2025 / 2º xornal Mes de decembro/ Estado de Fin de Ano

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

A administración tamén tivo os seus erros co lume na década de 1980. **Páx. 1**

No futuro Centro de Interpretación Turística de Sálvora que se desenvolverá no Faro, debería haber un pequeno museo. **Páx. 1**

A familia de Alvarito, percebeiros mediáticos. **Páx. 2**

ONS NA MEMORIA
Interesante partido de fútbol entre aunienses nas Festas de San Xaquín 2009. **Páx. 2**

Comida de Nadal do Camaweis de Ons en Bueu. **Páx. 3**

Dende a atalaia de Poio, na casa de Juan Castiñeiras. Excelente papadela. **Páx. 5**

As obras na Illa de Ons. Un caso de enorme dificultade.
Como solucionalo? **Páx. 4**

Illa de Tambo. A súa riqueza arqueolóxica e histórica. Unha comparación con Ons. **Páx. 6**

Falece o actor Celso Bugallo. A súa pequena relación coa Illa de Ons e Juan Castiñeiras. **Páx. 7**

A VAGA DE INCENDIOS EN GALICIA

Historia do lume en Ons. Prevención (VI)

Despois de analizar minimamente nos anteriores números a problemática dos lumes en Ons dos anos 80 s.XX, onde a administración xestora, incapaz de atoparlle unha solución, foi buscando infractores entre a veciñanza e os campistas, ía iniciar neste a década dos 90. Pero, os lectores, algúns dos cales viviron eses lumes, avisáronme de que deixaba algo no tinteiro, en referencia aos incendios que foron provocados, por descoidos da propia administración, nos diferentes lugares onde se lles ocorreu depositar e queimar o lixo.

Pois ben, teñen toda a razón, esquecíame dese fragmento, pequeno detalle polo que comprenderemos que todos, ás veces, podemos cometer erros, aos que hai que buscar respostas, non culpables para agochar incompetencias.

Como xa teño escrito neste minixornal cando falei do tema do lixo, este non existiu en Ons ata principios da década de 1970 co comezo do turismo. Na illa todo se aproveitaba. Lixo, chamémoslle industrial (lavadoras, frigoríficos, televisións,...): Ao non haber luz, nin auga nas casas aunienses, non tiñan. Papeis, cartóns,...: Para acender o lume na lareira. Madeira: Para diferentes usos, pero sobre todo, para cociñar, quentarse, alumar,... Ferros: Para multitude de funcións e, de non ser aproveitado por un veciño, seguro outro lle atopaba utilidade. Material orgánico: Todo ía para alimento de animais ou para o quinteiro, que logo se utilizaba como estrume. ...

Coa chegada do turismo e aumentando cada ano, se lle foi buscando solución ao tema do lixo, que nun principio corría a cargo do Alcalde Pedáneo e da administración xestora nese intre, pero que, a partires de 1979, foi o Icona co Garda Forestal ao fronte, os que tiveron que buscar solucións.

A idea foi a queima. E así foi como o primeiro lugar, que eu coñecín, para efectuala, estivo na corredoira que ía dende Caño aos cantís da Enseada de Caniveliñas, por onde teñen as fincas Checho e Acuña. Alí fixeron un buraco, botaban o lixo e queimábano cada certo tempo, en varias ocasións escapóuselle o lume e ardeu a zona das Xabreiras. Ante a protesta dos veciños, sobre todo de Caño e Chan da Pólvora, cambiaron o lugar.

Prepararon outro queimador no camiño que vai dende Curro a Melide rentes a costa, a uns 100 metros da subida de desvío onde escolles ir pola costa ou polo interior. Utilizaron a mesma fórmula que no anterior e, tamén, provocaron varios incendios na zona, algún chegou ao Castelo da Rueda e a carón da casa de Benito Patiño.

Ante as problemáticas que xurdiron con estes queimadores e as protestas dos veciños, decidiron buscar outra radicación, e levaron o lixo á zona de Pereiró, a uns 200 metros do Campamento da Xunta. Este, aínda que moito mellor preparado e sen facer caso ás indicacións que lles deu o capataz de M. Ambiente en Ons, Sr. Gabino, provocou tamén varios incendios na zona, sen esquecerse, da proliferación de roedores que, durante o verán, achegábanse ata o Campamento da Xunta.

Así foi, como a propia administración xestora da illa, tamén provocou lumes. Pero, loxicamente, non ían a tirar pedras sobre o seu propia tellado, e deles, pouco informaban.

Agora si, no próximo número, entraremos nos anos 90, cando os incendios comezan a remitir.

Esquerda: ***Lume provocado dende o queimador das Xabreiras***. **Dereita**: ***Lume provocado dende o queimador do camiño de Melide***.

FARO DE SÁLVORA

Estamos á espera de acontecementos sobre a remodelación do Faro de Sálvora para convertelo en "***Centro de Interpretación Turística, ao servizo da investigación científica***". Sabemos que comezaron as obras hai un tempo, pero non temos máis novas.

No nº 16. 2011 de Aunios, Alonso Romero escribía un magnífico artigo co título "*Ons e Sálvora. Suprimir a noite*", onde falaba da semellanza destas illas no que se refire á problemática da luz.

Falaba da utilización dos <quinqués> para poderse iluminar nesas instalacións, e acompañaba o artigo cunha foto deles. Estarán dispoñibles para unha pequena sala museo no Faro de Sálvora?.

Foto: Fernando Alonso Romero

ONS NA MEMORIA **Partidos de fútbol no campo de Pereiró**

Alá polo ano 1989, decidiuse que o día da Festa de San Xaquín se organizara un partido de fútbol. Os contrincantes foron: Veciños de Ons contra os de Medio Ambiente. Tanto un equipo como o outro ían reforzados por algún dos que veraneaban na illa. Xogábanse unhas caixas de cervexas, as necesarias para que os integrantes dos dous equipos puideran beber. Gañaron os da Illa, no recordo por canto. Tiñan un equipaso, contando con: Manolito (Pirata) como xogador profesional, pero tamén cos engadidos: Pepe de Vigo na portería e de dianteiros natos: Jose Maquieira e Tinón.

A partires daquel ano e durante dous ou tres máis, houbo partidos no campo do Campamento da Xunta, onde o equipo principal era o da Illa e os demais, aos que se enfrontaron, foron, entre outros: A un grupo dos Camawueis de Melide, aos mariñeiros do barco da Armada Polus e aos compoñentes do Campo de Traballo e Monitores do Campamento. O triunfo dos da Illa, foi avasalador, agás cos do Campo de Traballo, nos que os aunienses perderon por goleada. Non é que foran mellores, o que pasa, é que eran rapaces xogando contra os "case carrozas" da illa. Hahaaaaaaa

Pois ben, no 2009, decidiron de novo, como actividade do día da Festa de San Xaquín, levar a cabo un encontro de fútbol, pero desta vez só entre veciños, acompañados con algún visitante asiduo, e así foi que se formaron dous equipos (que podedes ver na foto de arriba) e se levou a cabo un encontro do máis vistoso. Non me pregunten quen gañou, que non o recordo, e iso que o teño gravado en vídeo, pero non o mirei, o importante foi o ben que o pasaron, aínda que foi moi criticado o arbitro (Arturo Goberna. "*Aloloco*") que tirou para casa, o que non sabemos é, para que casa, xa que os dous equipos eran de Ons. Hahaaaaa.

O importante foi o ben que se pasou.

Morrazo | Faro de Vigo

El primer percebe de los bancos de Navidad llega a 183 euros el kilo

Faro de Vigo Morrazo 3

ALVARITO, O NOSO PERCEBEIRO DE CABECEIRA

Así estaba o mar o día 18 de decembro, cando Alvarito, a súa filla e xenro, xunto cos demais percebeiros de Cangas, foron á costa de Soavela na procura deste suculento marisco, que nestas datas vale ben.

Aquí os vemos, na reportaxe que lles fixeron no Faro de Vigo, Morrazo. O prezo foi un pouco máis baixo que no ano anterior, pero aínda así, tendo moito coidado, paga a pena arriscarse.

Todo un manxar que hai que pagar, polo risco que corren os mariñeiros para capturalo. Parabéns.

Fotos e reportaxe: Faro de Vigo. Morrazo.

NOVE ANOS DE AMIZADE E GASTRONÓMÍA, ENTRE OS CAMAWUEIS DE ONS

Fai nove anos, os mozos de Ons e non tan mozos, deciden facer un xantar de confraternidade polo Nadal en Bueu. Alí nos xuntamos arredor de 20 persoas e, dende aquela, todos os anos aumentando en número de comensais, polo Nadal reunión gastronómica en Bueu, na primavera reunión gastronómica en Portonovo e, no verán, na nosa Illa.

Este ano 2025 celebrámolo no Restaurante "Estrella", onde saboreamos de entrantes: lagostinos, calamares e polbo á feira rematando, como prato forte, cunhas cocochas; todo regado cuns excelentes viños, sobremesa, cafés e chupitos.

Pero o máis importante é xuntarse nestas datas. Desta case 50 comensais.

A DIFICULTADE PARA REALIZAR OBRAS NA ILLA DE ONS

A problemática de Ons co tema do urbanismo, en relación coa súa importantísima Arquitectura Popular Mariñeira, vén de anos atrás, aínda que foi a principios da década de 1990 cando se fixo máis patente.

Non vou entrar no tema do urbanismo neste intre, xa foi tocado neste minixornal e tocareino máis adiante, o que si quero facer notorio, son as dificultades que hai en Ons para realizar obras de mantemento, rehabilitación,..., por parte do veciños e que, sen embargo, case poderiamos dicir, as mesmas obras ou outras de maior envergadura, a administración non ten problemas en sacalas adiante. Porque esa "Patente de Corso"? Os veciños teñen as mesmas necesidades ou máis que a administración, pero, sempre hai un pero, para eles, os requisitos burocráticos,..., e sacalas adiante: sen problema.

E aí están involucrados, a carón dos veciños que terían que facer moitísima máis forza coas súas reivindicacións, o concello de Bueu e a Consellería se Medio Ambiente.

Pois, se a esa problemática, que non é pouca, engadimos a meteoroloxía, os temporais, o estado do mar,..., un lugar onde durmir e comer,..., realizar obras en Ons durante o outono e inverno, case poderiamos dicir, que é, Misión Imposible.

A algunha cabeza pensante da administración xestora, se lle deu en aplicar unha normativa, non por escrito, conforme durante o verán, non se poden realizar obras, entre outras cousas, para non molestar aos turistas. Pois témola clara, cando se poden facer logo? A climatoloxía faino difícil. Levar material e que os obreiros poidan vivir durante a semana en Ons, non é cousa doada. Cando os obreiros, despois de estar a semana traballando queren pasar o finde coa súa familia, hai que mirar o tempo e o estado do mar. O conseguir víveres e material de obra,..., un pouco complicado,..., e todo así.

Ogallá me equivoque pero, penso, que os responsables da xestión da illa e os que van a realizar as obras, non fan un estudo exhaustivo do que vai representar traballar en Ons e de como hai que organizar ese traballo, pero non só para as obras da administración, senón para todos: veciños e negocios.

É por iso que vexo importantísimo, o DIÁLOGO, entre administración, veciños, concello e empresas, para poder sacar adiante as obras que Ons necesita. Xa teño dito que o Parque, aínda non se deu conta, ou non quere darse, que a Illa de Ons, que pertence a ese Parque, é unha illa HABITADA, e que necesita un estatus diferente en relación ás demais illas.

Consultaron aos veciños e negocios o tema das reformas que están a facer en Curro?

PineirÓns, presentoullo á Dirección do Parque nunhas alegacións-suxestións, e dixeron que si... Será certo?

Os habitantes de Curro teñen a palabra.

Desapareceu a magnifica caseta de información. Fixeron este desmonte. E, agora que? Se un veciño ou negocio, para algo necesario, tiveran que facer o mesmo ou moitísimo menos, , deixaríanllo?





OS ALCUÑOS DE ONS. Tema de estudo

Levo/evamos anos pedindo que o tema etnográfico de Ons, que se está a perder a pasos de xigante, teña un lugar preferente nas investigacións sobre este arquipélago.

Por cada auniense maior que nos deixa, queda un baleiro etnográfico sen estudar.

Como xa teño dito, os topónimos, no que respecta a nomes, está nestes intres ben traballado, pero, falta a súa interpretación. Dalgúns, terán que ser os filólogos os que debatan sobre eles, pero hai un bo número dos que, si, os veciños poderían informar sobre a súa orixe e significado.

Cos alcuños (alcumes, *motes*, chatas,...) a cousa é máis grave, xa que están sen estudar. En AUNIOS fixemos unha primeira lista e pedimos que se investigara o seu por que? Pero ata o de agora, polo menos que eu saiba, ninguén se puxo ao carro.

No Grove, tamén en AUNIOS, sacamos unha importante lista de Chatas (nome que dan aos alcumes no Grove), e no seguinte número tivemos que ampliala, aínda sabendo que quedarían moitos sen poñer.

Ao igual que cos de Ons, solicitamos o seu estudo, e aquí si houbo resposta positiva, pois un grupo de especialistas, xa estaban traballando sobre o tema, sacando un primeiro libro co título: "*Dicionario dos alcumes do Grove*", que agora volve a saír nunha nova edición moito máis ampliada, co título: "*As chatas do Grove. Os alcumes de Arousa*". A ver se temos sorte cos de Ons!!!

PÁXINA ENOGASTRONÓMICA

NOVA REUNIÓN GASTRONÓMICA COS COCIÑEIROS: JUAN CASTIÑEIRAS E ANTONIO BUGALLO

Todo comezou, cando un bo amigo regaloume un anaco de "***fletán***". Falei con Juan Castiñeiras para ver de preparalo un día. O 18 de decembro, chamoume para facer unha comida con el, ao que eu rapidamente dixen que si. O detalle foi, que non preguntei cantos iamos ser. Cando de novo contactei con Juan e díxome que avisara a 6 comensais, apresureime a dicirlle, que o anaco que tiña, nun guiso con patacas, daría para tres ou catro, como moito.

Postos en contacto con outro dos comensais, Suso Maquieira, quedou arranxado o tema, el poría unha boa cantidade de ***chocos*** que tiña gardados para unha ocasión, e que mellor que esta.

Como sempre pasa entre bos amigos, mellores comensais e non digamos excelentes cociñeiros, os demais non ían vir coa mans baleiras, e así foi que Manolo Cajiao trouxo unhas ***rinchas escabechadas*** saborosísimas e Antonio Bugallo apareceu cunhas ***perdices estufadas***. Todo regado cun tinto do Val de Poio "***Mexo de Vella***". Xa se poden imaxinar, unha verdadeira ambrosía!!!

O único raro da comida é que non houbera cogomelos, pois estando Juan Castiñeiras, nunca faltan nas preparacións.

Fotos: *Arriba esquerda: Vista da ría de Pontevedra, co illa de Tambo, dende a casa de Juan Castiñeiras en Poio.*
Arriba dereita, os comensais: Dende a esquerda: Antonio Bugallo, Juan Castiñeiras, Manolo Cajiao e Maquieira.
Debaixo, dende a esquerda: Rincha escabechada, cazola de Chocos, guiso de Fletán e Perdices estufadas.

Para pechar esta páxina gastronómica comentar, que estando eu na "***Taberna de Cancela***", nas Angustias-Xil-Meaño atopeime, co tamén asiduo de Ons, Carlos Franco, casualidades da vida, e alí saboreamos uns selectos viños tinto e albariño, sendo agasallados, como pincho, cunha cuncha de vieira que no seu interior había, como vianda, nada menos que ovo da casa mesturado con pan de millo. Unha exquisitez!!!

A ILLA DE TAMBO. ARQUEOLOXÍA.

irmandadeilladetambo@gmail.com
CIF.: G-94129467

COMUNICADO.

Os resultados publicados sobre as recentes intervencións arqueolóxicas na Illa de Tambo no Concello de Poio, veñen a confirmar datos documentados e investigados por esta asociación dos que levamos dando conta pública dende hai 13 anos para valorizar este territorio, e que son unha parte do que aínda fica por explorar

Estes traballos, teñen que deixar aberta unha porta para a continuidade dos mesmos ata completar un mapa de enorme interese histórico e patrimonial, polo que ademais de agradecer a Consellería de Cultura e a Dirección de Patrimonio a receptividade que tiveran diante das primeiras propostas que lles fixéramos, insistir na necesidade de deseñar para a Illa de Tambo un cronograma de actividade arqueolóxica, agardando que dende o goberno municipal de Poio se animen a elaborar un programa anual de intervencións.

Por outra banda, facer fincapé, en rematar os pasos dados para o inicio de expediente de declaración de ENIL (Espazo Natural de Interese Local), e a vista dos resultados que se van amosando, fica clara a vocación de Tambo de ser declarada algún dia BIC (Ben de Interese Cultural), potenciando con elo ese enclave e ter na protección dos seus valores o principal obxectivo. Por último, o Concello de Poio, se se quere manter a Illa de Tambo como reclamo para visitas, como algo urxente, tería que contar cun plano de melloras moi básico, partindo das instalacións de acceso a través do Peirao da Adreeira para darlle seguridade , da accesibilidade a través da senda peonil, da protección da duna da Area da Illa, un plano de desbroces con eliminación de abrochos de eucalipto e acacia (para visualizar o patrimonio e prevención de incendios), tamén dos grandes eucaliptos que ameazan as estruturas do lazareto e capela, e a retirada de refugallos da etapa militar.

Estamos de norabóa, e termos que felicitarnos por seguir aportando datos relevantes da nosa historia que nos faga cada vez máis sensibles sobre a riqueza patrimonial que nos envolve.

Illa de Tambo, 21 de Decembro de 2025.

Boas Festas.

Claudio Quintillán. Pte. Irmandade Illa de Tambo.

RIQUEZA ARQUEOLÓXICA NA ILLA DE TAMBO

Aínda que coa anterior corporación municipal de Poio houbo un grande interese en todo o relacionado coa recuperación e investigación da Illa de Tambo, vimos de ler que a Xunta e a nova corporación municipal impulsaron unhas catas arqueolóxicas para saber a importancia de Tambo nese eido.

Dende a Xunta comunicaron que: "***Os traballos arqueolóxicos realizados nas últimas semanas na Illa de Tambo, impulsados polo Concello de Poio e a Xunta de Galicia, concluíron cun balance moi positivo, confirmando a existencia dun conxunto de restos patrimoniais de grande valor histórico e científico, susceptibles de ser obxecto de futuras investigacións.***"

Só temos que dar os nosos parabéns e quedamos á espera de que non quede só en catas, senón que se comece un verdadeiro estudo exhaustivo da riqueza arqueolóxica e monumental de Tambo.



Pola esquerda: Tinón, Claudio Quintillán e Lino Pazos, a carón da Tafoni, na illa de Tambo. 2023.

A ARQUEOLOXÍA DAS ILLAS DE ONS E TAMBO

En Ons tiveron que pasar máis de 40 anos de reivindicación pola miña/nosa parte para conseguir que técnicos arqueólogos, primeiro, fixeron unha boa catalogación e, posteriormente, comezaran os traballos.

Á administración só lle interesaba a fauna e a flora; a Historia-Arqueoloxía, a Etnografía e a problemática Social, deixárona de lado, aínda que, incesantemente se solicitaba a súa exploración e estudo.

Agora Parques tomou a iniciativa coa Uvigo e membros da GEATT, e os resultados son espectaculares.

En Tambo, como nos explica o Presidente da Asociación "Irmandade Illa de Tambo", Claudio Quintillán, ocorreu o mesmo. Aínda que sabemos que estivo en poder da Armada, no ano 2002 abandona o seu uso militar e, a partires de aí e sobre todo a partir do ano 2012, con permiso, permítese que persoas interesadas no seu estudo e plan de futuro, a visiten e se tomen as primeiras notas sobre o seu potencial histórico e arqueolóxico in situ.

Presentación en Tambo do libro de Claudio Quintillán e Lino Pazos "A Illa de Tambo na súa Historia". 2023.

Páx. 6

FALECE O ACTOR PONTEVEDRÉS "CELSO BUGALLO"

Xustamente, ao día seguinte da papadela na bodega-atalaia de Juan Castiñeiras, coñecemos o pasamento do noso querido amigo e actor pontevedrés ***Celso Bugallo***, ao que eu, persoalmente, a carón das películas e series nas que traballou, coñecino na Illa de Ons, hai xa un bo número de anos, cando pasou alí unha semana de setembro.
Tivemos, xunto con veciños e visitantes que o recoñeceron, unhas interesantes paroladas sobre a súa vida e carreira cinematográfica, á vez el, interesouse pola cultura auniense polo que realizamos un bo número de andainas pola Illa onde lle fomos ensinando e relatando a súa historia e vida dos veciños.
Aproveitando a boa hospitalidade dos veciños, xantou en varias casas aunienses e, navegou e pescou dende dorna, coñecendo así a pesca do polbo con espello e coa raña.
Unha excelente persoa e non menos gran actor que obtivo o **Premio Goya** ao mellor actor secundario coa película "***Mar Adentro***"

DOCUMENTAL DE CELSO BUGALLO XUNTO CON JUAN CASTIÑEIRAS

Cando o noso amigo Juan soubo do falecemento de Celso, envioume un vídeo reportaxe gravado co gallo de promocionar os cogomelos como motivo de Destino Turístico desestacionalizador para Galicia. O documental foi gravado no Monte Castrove e a xuntanza Gastronómica posterior celebrouse en Casa de Carlota, na Praza do Teucro pontevedresa.
https://www.youtube.com/watch?v=_OOb_TTPfnk&t=40s

Esta iniciativa foi realizada ao abeiro do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21. Sobre ela escribían: "***Vídeo reportaxe de promoción da cultura e da gastronomía galegas no sector da micoloxía da man do actor Celso Bugallo. Nel fálase dos lugares e xeitos de recolección, das especies e das súas aplicacións culinarias. O audiovisual, ademais de reforzar a cultura micolóxica e de informar sobre un produto para moitos descoñecido en Galicia, ten o obxectivo de concienciar no respecto á natureza e no coidado dos bosques.***
Juan Castiñeiras fixo de Cicerone micolóxico, como experto que é, rematada a saída ao monte, como magnífico cociñeiro, preparou os cogomelos atopados de diferentes xeitos.

Fotos:
<u>Arriba</u>: Celso Bugallo recibindo o Premio Goya.
<u>Medio e abaixo</u>: Instantáneas do documental, onde Juan Castiñeiras e Celso Bugallo andan á procura de cogomelos polo Monte Castrove.



Que tempos aqueles onde os mecos Javel e Victor se fotografaban cun pícaro Pepiño.
Ou cando un 28 de decembro dixeron que construíran apartamentos na Illa de Onza.

Boas Festas
Moita saúde para o 2026
Celestino Pardellas de Blas. (Tinón)
Minixornal “ONSTOPUS”